

Tarefas de Historia 2º da ESO para facer na semana do 25 ao 29 de maio.

Ola estimados alumnos: Pois todo o que comeza ten un final. Iso din, verdade? Pois a nós tócanos poñer punto final a este repaso que fixemos ao longo destas semanas de confinamento coa Idade Media. E ímolo facer aprendendo un pouco sobre a nosa terra, Galicia, naqueles tempos. Galicia vai formar parte tamén dese mundo medieval e vaise ver afectada polos mesmos fenómenos: invasións bárbaras, feudalismo, rexurdimento das cidades, revoltas sociais, arte románico e gótico. En definitiva, os galegos tamén estamos no Mundo!

Actuaremos do seguinte xeito:

- Poremos un título: A Galicia medieval, por exemplo.
- Comezaremos pola Alta Idade Media. Imos copiar o texto en violeta que aparece na parte superior da páxina 8 e que nos fala do reino suevo de Galicia.
- A continuación, pasaremos xa á Plena Idade Media. E aquí o primeiro será irnos á páxina 72 e tamén copiar a parte superior violeta da páxina que leva por título: O reino de Galicia do século VIII ao XIII. Que nos fala dos feitos políticos que aconteceron en Galicia durante eses séculos.
- Feito isto, imos ás páxinas 82 e 83 para estudar a sociedade e a economía en Galicia durante eses séculos centrais da Idade Media. Faremos as actividades 1, 2 e 3.
- Como xa sabemos, O camiño de Santiago foi un dos fenómenos social, económico e cultural que máis se relaciona coa nosa terra, e que, precisamente, xurde nos séculos medievais. Nas páxinas 76 e 77, faremos as actividades 1, 2 e 3.
- Imos coa arte medieval en Galicia: románico (moi importante: Catedral de Santiago) e gótico. Das páxinas 104 e 164 copiamos os párrafos superiores violetas.
- E, finalmente, remataremos coa crise baixo medieval que, en Galicia, fundamentalmente temos que relacionar coas revoltas irmandiñas. Un dos conflitos sociais medievais máis importantes da Península Ibérica e mesmo de Europa. Nas páxinas 144 e 145, faremos as actividades 1, 2, 3 e 4.

E xa está, amigostas: Damos por finiquitado o curso. Benna! Ogallá estas tarefas, que vos estiven mandando ao longo destas semanas, servíranvos para ter un coñecemento maior sobre o que foi a Idade Media no noso mundo occidental. Coido que sí, algo axudaría, certo? Por favor, os que aínda non me mandáchedes tarefa algunha, aproveitade estas semanas que quedan de curso para mandarme as actividades. Lembraide que podeades subir ata 2 puntos! máis sobre a nota da segunda avaliación. Estamos que lo regalamos, oiga!!! Correo: **steinbeck72@gmail.com**

Espero que sigades todas ben. Xa non sei se nos voltaremos ver, pois eu en xuño xa remato; pero, de non ser así, quero aproveitar para agradecervos enormemente a vosa atención, física e virtual. Deséxovos o millor nas vosas vidas e un futuro menos inquietante do que agora poidese parecer. Sodes novos e tedes forza e intelixencia, aproveitádeas ben.

Unha forte aperta, saúde e moito ánimo, campeóns!!!

Posdata: Para aqueles alumnos (ogallá ningún) que en xuño non consigan superar a materia, que saiban que lles colgarei na mesma páxina do centro unhas actividades para que as fagan nos meses de verán, e que logo terán que enviar ao correo do centro: **cpi.josegarcia.ourense@edu.xunta.es**, para que sexan correxidos polo profesor/a correspondente. E se aínda non se incorporara *Moncho*, e non houbera un novo substituto, encargárase de evaluaras un profesor do departamento de Xeografía e Historia.